



SERVIZO
UNIVERSITARIO
DE
RESIDENCIAS

VICERREITORÍA DE
ESTUDANTES, CULTURA
E FORMACIÓN CONTINUA

SERVIZO DE AXUDAS E
SERVIZOS AO ALUMNADO

SECCIÓN DE SERVICIOS Á
COMUNIDADE UNIVERSITARIA
Pavillón Estudantil
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
Tlf.: 881 814 574 / 575/ 582
Fax.: 881 814 559
Email: sur@usc.es - mobilidade.sur@usc.es
web <http://www.usc.es/sur>



SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS



Servizo Universitario de Residencias

O Servizo Universitario de Residencias (SUR) da USC é un servizo consolidado cunha acreditación avalada pola confianza e satisfacción que amosan os seus usuarios. A situación xeográfica, as instalacións de que dispón e os servizos adicionais que se ofrecen (cafeterías, comedores, bibliotecas, salas de estudo, salón de actos, salas de informática con internet, rede sen fíos, habitacións para discapacitados...) son boa mostra da vontade institucional de consolidar o SUR como un servizo de calidade para beneficio de toda a comunidade universitaria.

O SUR, dependente orgánica e funcionalmente da Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Formación Continua, confórmano tres Colexios Maiores (CM) e dúas Residencias Universitarias (RU) no Campus de Santiago de Compostela e unha Residencia Universitaria no Campus de Lugo.

A súa finalidade é a de dar aloxamento e formación integral aos membros da Comunidade Universitaria que o soliciten, así como tamén a aquelas persoas que participen da súa actividade. Neste sentido, en cada centro do SUR organízanse múltiples e diversos eventos culturais.

O acceso a este servizo depende, no caso do alumnado, das cualificacións académicas obtidas e da renda persoal dispoñible, e o pago, soamente da renda persoal dispoñible que posúa. Deste xeito, poden beneficiarse del tanto aquelas persoas que teñan unha renda alta como as que a teñan baixa, aínda que a contía a aboar polo aloxamento será proporcional ao seu poder adquisitivo. Para isto a Universidade ten establecido un sistema de cotas para as rendas máis baixas, de xeito que todos percibirán os mesmos servizos, en igualdade de condicións. Trátase de reducir a desigualdade de oportunidades por motivos económicos, querendo darlle valor ao esforzo académico de cada posible usuario.



Neste mesmo sentido, a Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Formación Continua convoca anualmente proxectos de colaboración para o desenvolvemento de actividades nas Residencias e Colexios Maiores, dotadas cunha remuneración económica.

Os 6 centros que compoñen o SUR foron os primeiros centros de aloxamento universitarios en conseguir en España a certificación del Sistema de Xestión de Seguridade e Saúde no Traballo OHSAS 18001:2007 de AENOR con data 3 de xullo de 2008. O feito de axustarse á norma OHSAS 18001 significa a obtención do Certificado AENOR de Sistemas de Xestión de Seguridade e Saúde Laboral, da licenza de uso da marca de Seguridade e Saúde Laboral de AENOR, do Certificado IQNet co que o certificado AENOR queda recoñecido polas entidades de certificación líderes internacionais e da licenza de uso da marca IQNet.



SUR



Para máis información pódese contactar coa Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Formación Continua, Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, Sección de Servizos á Comunidade Universitaria, que xestiona o SUR.

Pavillón estudantil, 1º andar, Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
Tlf.: 881 814 574 / 575/ 582
Fax.: 881 814 559
Email: sur@usc.es – mobilidade.sur@usc.es
web <http://www.usc.es/sur>

CM Clemente

O "CM San Clemente" é a segunda das construcións do proxecto do arquitecto Jenaro de la Fuente Álvarez. Culminase no ano 1942 e perpetúa unha tradición, "A Clementina", que se remonta ao século XVI, cando o Arcebispo Juan de San Clemente funda o Colexio, situado no que hoxe é o Instituto "Rosalía de Castro". O actual Colexio Maior combina así, un rancio avoengo con modernas instalacións e unha situación privilexiada, pois está situado no Campus Vida e próximo ao centro da cidade coa que está comunicado mediante unha liña de autobús.




Tipo de cuartos

Habitacións para residentes individuais e dobres

Datos de contacto

Praza Rodríguez Cadarso, s/n.
Campus Vida.
15782 Santiago de Compostela
Tfno. 881 814 312
Fax.: 881 814 309
e-mail: cmclemen@usc.es



CLEMENTE



CM Clemente

Actividades

Actividades socioculturais: Conferencias, certames relacionados coas artes plásticas e coa literatura, ciclos de cine, cursos de fotografía e guitarra, a revista colexial Lume froito da Asociación CM San Clemente.

Actividades deportivas: Aeróbic, kárate, fútbol, baloncesto, tenis, etc, participando tanto en competicións internas como nas competicións universitarias intercentros.

Actividades vinculadas ás novas tecnoloxías: Cursos de informática.

Actividades medioambientais: Reciclaxe, sensibilización, compostaxe, educación ambiental, colaboración co Plan de Desenvolvemento Sostible da USC.

Festas tradicionais: Festa da Árbore (decembro), Festas Clementinas (abril) nas que se acolle o acto de imposición de bandas colexiais.



Instalacións e servizos

- Servizo de Recepción
- Servizo de Administración
- Acceso a internet sen fios
- Aula de informática con internet
- Biblioteca
- Salas de estudo
- Salas de TV e cine
- Videoteca
- Sala multiusos
- Bicicletas para uso dos colexiais
- Cafetaría/comedor
- Cociñas
- Máquinas expendedoras
- Autoservizo de lavandaría e ferro de pasar
- Servizo de limpeza nos cuartos
- Teléfonos públicos
- Prazas de aparcadoiro para colexiais
- Salón de actos
- Servizo de seguridade





O "CM Fonseca" foi a última das edificacións do proxecto da Residencia de estudantes. A súa inauguración levouse a cabo no ano 1963. Está flanqueado polos Colexios Madores Rodríguez Cadarso e San Clemente. No ano 1999 levouse a cabo unha remodelación total do edificio deste Colexio Universitario. O colexio maior actual está situado no Campus Vida e próximo ao centro da cidade estando comunicado con ela mediante unha liña de autobús.



Tipo de cuartos

Habitacións para residentes individuais e dobres
Habitacións para visitantes



FONSECA

Datos de contacto

Praza Rodríguez Cadarso, s/n.
Campus Vida.
15782 Santiago de Compostela
Tfno. 881 814 376
Fax.: 881 814 309
e- mail: cmfonseca@usc.es



CM Fonseca

Actividades

Actividades socioculturais: Conferencias, cursos de fotografía e ecoloxía, excursións, certames literarios (poesía e narrativa), grupos de lectura, ciclos de cine, exposicións, música e teatro.

Actividades deportivas: Participación tanto en competicións internas como nas universitarias intercentros. Equipo de fútbol masculino, equipo de fútbol feminino e masculino, equipo de voleibol mixto e equipo de hockey masculino, xunto cun equipo de tenis.

Actividades vinculadas ás novas tecnoloxías: Cursos de informática.

Actividades medioambientais: ReciclaXe, sensibilización, compostaxe, educación ambiental, colaboración co Plan de Desenvolvemento Sostible da USC.

Festas tradicionais: Magosto (novembro), Cea de Nadal (decembro), Festa de Halloween, Festa de Carnaval e Semana Colexial (abril) na que se acolle o acto de imposición de bandas.



Instalacións e servizos

Servizo de Recepción
 Servizo de Administración
 Acceso a internet sen fíos
 Aula de informática con internet
 Biblioteca
 Salas de estudo
 Salas de TV e cine
 Videoteca
 Sala multiusos
 Bicicletas para uso dos colexiais
 Cafetería/comedor
 Cociñas
 Máquinas expendedoras
 Autoservizo de lavandería e ferro de pasar
 Servizo de limpeza nos cuartos
 Teléfonos públicos
 Prazas de aparcadoiro para colexiais
 Salón de actos
 Servizo de seguridade



FONSECA



CM Rodríguez Cadarso

O CM Rodríguez Cadarso, sito na Praza Rodríguez Cadarso, é a primeira das edificacións do proxecto de Jenaro de la Fuente da Residencia de Estudiantes. Este colexio maior é o máis antigo da Universidade galega e foi construído en 1940 en homenaxe póstumo ao reitor Alejandro Rodríguez Cadarso. En principio foi masculino; logo de estar pechado un par de anos por reformas, foi residencia



de posgraduados nos anos 70. A partir do curso 1973-74 comeza unha nova etapa como colexio feminino ante a escaseza de colexios femininos, para converterse desde o curso 1988-89 nun colexio mixto. O actual colexio maior ven de experimentar unha reforma completa do seu interior co que dispón de modernas instalacións ademais dunha situación privilexiada no corazón do Campus Vida e de estar comunicado coa cidade de Santiago mediante unha liña de autobús.



Tipo de cuartos

Habitacións para residentes individuais e dobres
Habitacións para visitantes

CADARSO



Datos de contacto

Praza Rodríguez Cadarso, s/n.
Campus Vida.
15782 Santiago de Compostela
Tfno. 881 814 354
Fax.: 881 814 309
e-mail: cmrc_dir@usc.es



CM Cadarso

Actividades

Actividades socioculturais: Conferencias, cursos de fotografía e ecoloxía, excursións, certames literarios (poesía e narrativa), ciclos de cine, exposicións, música e teatro.

Actividades deportivas: Participación tanto en competicións internas como nas universitarias intercentros.

Actividades vinculadas ás novas tecnoloxías: Cursos de informática.

Actividades medio ambientais: Reciclaixe, sensibilización, compostaxe, educación ambiental, colaboración co Plan de Desenvolvemento Sostible da USC.

Festas tradicionais: Magosto (novembro), Cea de Nadal (decembro) e a Semana Colexial, que ademais de acoller unha serie de actos lúdicos e culturais, presenta como acontecementos destacables a Cea dos Rodríguez, o campionato de Fútbol-Sala e o acto de imposición de becas.



Instalacións e servizos

- Servizo de Recepción
- Servizo de Administración
- Acceso a internet sen fíos
- Aula de informática con internet
- Biblioteca
- Salas de estudo
- Salas de TV e cine
- Videoteca
- Sala multiusos
- Bicicletas para uso dos colexiais
- Cafetería/comedor
- Cociñas
- Máquinas expendedoras
- Autoservizo de lavandaría e ferro de pasar
- Servizo de limpeza nos cuartos
- Teléfonos públicos
- Prazas de aparcadoiro para colexiais
- Salón de actos
- Servizo de seguridade



CADARSO



RU Burgo das Nacións

O edificio actual da Residencia ocupa unha parte do complexo denominado "Burgo das Nacións", construído con carácter provisional no ano 1965 para albergar aos peregrinos que viñesen a Compostela nese Ano Santo Xacobeo. Finalizado o Xacobeo 1965, o conxunto de módulos que o formaban construídos con materiais lixeiros e efémeros, cubriu deficiencias e albergou institucións necesitadas de instalacións máis sólidas: foi Residencia de posgraos, aulario de varias especialidades universitarias, sede da imprenta da Universidade e da súa gardería, acolleu as dependencias da Policía Nacional,



etc. En 1979 a USC comezou a utilizar o Burgo das Nacións como residencia universitaria mixta. No curso académico de 1986-87 iniciábase a construción do seu edificio actual, que se concluíu no ano 1992-93. A Residencia está situada no Campus Norte, a uns 500 metros do núcleo histórico da cidade.



Datos de contacto

Avda. Burgo das Nacións.
15782 Santiago de Compostela
Tfno. 881.811.952
Fax.: 881.811.946
e-mail: direburg@usc.es



Tipo de cuartos

Habitacións para residentes individuais
Habitacións e apartamentos para visitantes



BURGO DAS NACIONS

RU Burgo das Nacións

Actividades

Actividades socioculturais: Conferencias, cursos de fotografía e ecoloxía, excursións, certames literarios (poesía e narrativa), ciclos de cine, exposicións, música e teatro.

Actividades deportivas: Participación tanto en competicións internas como nas universitarias intercentros.

Actividades vinculadas ás novas tecnoloxías: Cursos de informática.

Actividades medioambientais: ReciclaXe, sensibilización, compostaxe, educación ambiental, colaboración co Plan de Desenvolvemento Sostible da USC.

Festas tradicionais.



RU BURGO DAS NACIONS

Instalacións e servizos

- Servizo de Recepción
- Servizo de Administración
- Acceso a internet sen fíos
- Aula de informática con internet
- Biblioteca
- Salas de estudo
- Salas de TV e cine
- Videoteca
- Sala multiusos
- Bicicletas para uso dos Residentes
- Cafetería/comedor
- Cociñas
- Máquinas expendedoras
- Autoservizo de lavandaría e ferro de pasar
- Servizo de limpeza nos cuartos
- Teléfonos públicos
- Prazas de aparcadoiro para colexiais
- Salón de actos
- Servizo de seguridade



RU Monte da Condesa

Foi inaugurada no curso 1989-90. Está situada no Campus Vida e toma este nome do sitio onde se atopa, lugar de especial relevancia na historia da cidade de Santiago. Está rodeada de zonas verdes e instalacións deportivas. Está situada no Campus Vida e próximo ao centro da cidade.



MONTE DA CONDESA



Datos de contacto

Campus Vida, s/n.
15782 Santiago de Compostela
Tfno. 881 813 531
Fax.: 881 813 643
e-mail: rnc221@si.usc.es



Tipo de cuartos

Habitacións para residentes individuais e dobres
Habitacións para visitantes



RU Monte da Condesa

Actividades

Actividades socioculturais: Conferencias, cursos de fotografía e ecoloxía, excursións, certames literarios (poesía e narrativa), ciclos de cine, exposicións, música e teatro.

Actividades deportivas: Liga interna de fútbol-sala e participación tanto en competicións internas como nas universitarias intercentros. A milla de San Xoán.

Actividades vinculadas ás novas tecnoloxías: Cursos de informática.

Actividades medioambientais: Reciclaxe, sensibilización, compostaxe, educación ambiental, colaboración co Plan de Desenvolvemento Sostible da USC.

Festas tradicionais: Inauguración, magosto, cea de Nadal, festas do Antroido, quincena das artes co Rumcstock ou concerto de residentes e habituais, sardiñada de San Xoan e cea de fin de curso.



MONTE DA CONDESA



Instalacións e servizos

- Servizo de Recepción
- Servizo de Administración
- Acceso a internet sen fíos
- Aula de informática con internet
- Biblioteca
- Salas de estudo
- Salas de TV e cine
- Videoteca
- Sala multiusos
- Bicicletas para uso dos Residentes
- Cafetería/comedor
- Cociñas
- Máquinas expendedoras
- Autoservizo de lavandaría e ferro de pasar
- Servizo de limpeza nos cuartos
- Teléfonos públicos
- Prazas de aparcadoiro para colexiais
- Salón de actos
- Servizo de seguridade

RU Jesús Bal y Gay

Foi cedida polo Concello de Lugo á USC en marzo de 1994 e inaugurada en xaneiro do ano seguinte. Nun principio denominouse RU "Acea de Olga", nome que foi cambiado polo actual, no curso 1995-96, en honor ao musicólogo lucense Jesús Bal y Gay (1905-1993). Está situada xunto ao río Miño, no polígono de Acea de Olga, contiguo ao Campus Universitario de Lugo, máis concretamente, fronte á Escola de Estudos Empresariais, e xunto á Facultade de Ciencias. A Residencia está rodeada de numerosas zonas verdes, que inclúe algunha carballeira, e atópase perfectamente comunicada coa cidade.

Así, durante o curso académico, cada media hora un autobús urbano sae das súas inmediacións ao centro da cidade, pasando pola estación de autobuses.



Datos de contacto

Estrada da Granxa, 130.
 Polígono Acea de Olga. 27002 Lugo
 Tfno. 982 824 300 / 301 / 302
 Fax. 982 824 315
 e-mail: balgaydi@usc.es – sur@usc.es

JESÚS BAL Y GAY



Tipo de cuartos

Habitacións para residentes individuais e dobres
 Habitacións para visitantes



RU Jesús Bal y Gay

Actividades

Actividades socioculturais: Conferencias, cursos de fotografía e ecoloxía.

Actividades deportivas: Participación tanto en competicións internas como nas universitarias intercentros.

Actividades vinculadas a novas tecnoloxías: Cursos de informática.

Actividades medioambientais: Reciclaaxe, sensibilización, compostaxe, educación ambiental, colaboración co Plan de Desenvolvemento Sostible da USC.

Festas tradicionais: Acto de imposición de bandas (maio).



JESÚS
BAL Y
GAY



Instalacións e servizos

- Servizo de Recepción
- Servizo de Administración
- Acceso a internet sen fíos
- Aula de informática con internet
- Biblioteca
- Salas de estudo
- Salas de TV e cine
- Videoteca
- Sala multiusos
- Bicicletas para uso dos Residentes
- Cafetería/comedor
- Cociñas
- Máquinas expendedoras
- Autoservizo de lavandaría e ferro de pasar
- Servizo de limpeza nos cuartos
- Teléfonos públicos
- Prazas de aparcadoiro para colexiais
- Salón de actos
- Servizo de seguridade



Plano de situación

Santiago de Compostela

SANTIAGO DE COMPOSTELA

- 1 Catedral
- 2 Hostal dos Reis Católicos
- 3 Pazo de Raxoi. Concello
- 4 Colexio de San Xerome. Reitorado
- 5 Colexio de Fonseca. Biblioteca Xeral Univ.
- 6 Casa da Balconada. Sede dos Vicerreitorados
- 7 Casa Jimena e Elisa Fdez. de la Vega
- 8 Facultade de Medicina e Odontoloxía
- 9 Fac. de CC. da Educación
- 10 E.U. de Enfermería
- 11 Fac. de CC. Económicas e Empresariais

12 RU Burgo das Nacións


- 13 Facultade de Filoloxía
- 14 Facultad de CC. da Comunicación
- 15 Estación de Autobuses
- 16 Facultade de Xeografía e Historia
- 17 Estación de Ferrocarril
- 18 Facultade de Química
- 19 Instituto de Desenvolvemento de Galicia IDEGA
- 20 C.S.I.C
- 21 Escola Infantil Bregóñ
- 22 Instituto de Criminoloxía
- 23 Facultade de Dereito
- 24 E. de Práctica Xurídica
- 25 Piscina Universitaria

26 CCMM Rguez. Cadarso, Fonseca e Clemente

- 27 Auditorio
- 28 Observatorio
- 29 Facultade de Farmacia
- 30 E.U. de Relacións Laborais
- 31 Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
- 32 Estadio de Atletismo
- 33 Imprenta Universitaria
- 34 Servizo de Publicacións
- 35 Pavillón Estudantil
- 36 Facultade de Bioloxía e Matemática
- 37 Campo de Fútbol
- 38 E.U. de Óptica e Optometría

39 RU Monte da Condesa

- 40 Pavillón Polideportivo
- 41 Laboratorios SEIN e SECUS
- 42 Institutos Universitarios
- 43 Facultade de Física
- 44 Animalario
- 45 Almacén de Servizo
- 46 Facultade de Filosofía e CC. da Educación
- 47 Facultade de Psicoloxía
- 48 E. T. Superior de Enxeñaría



Lenda

- Monumento ou Edificio de Interese
- Instalacións da Universidade
- Servizos Xerais
- Residencias do SUR

PRAZA DE SANTIAGO Praza ou Barrio

Plano de situación

Lugo

- 1 Catedral
- 2 Pazo Episcopal
- 3 Concello
- 4 Sede Vicerreitorado
- 5 Instituto Politécnico
- 6 Polideportivo Politécnico
- 7 Estación de Autobuses
- 8 Biblioteca Pública
- 9 Facultade de Veterinaria
- 10 E.P.S.
- 11 E.U. de E.X.B.
- 12 E.U. de Enxeñaría Agrónoma
- 13 E.U. de Enxeñaría Forestal
- 14 Biblioteca
- 15 Pazo dos Deportes
- 16 E.U. de Ciencias Empresarias
- 17 RU Jesús Bal y Gay

Lenda

- Monumento ou Edificio de Interese
- Instalacións da Universidade
- Servizos Xerais
- Residencias do SUR
- Praza ou Barrio

PORES DE SANTIAGO



LUGO